

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

EXTRACTO da Orde do 12 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario (código de procedemento SA803A).

BDNS (Identif.): 463090.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Para ser beneficiaria das axudas publicadas nesta orde, as entidades deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Ser unha entidade privada sen ánimo de lucro que teña explicitamente entre os seus fins estatutarios a realización de actividades de apoio e axuda ao colectivo a que se dirixen os programas de atención sociosanitaria para os cales se solicita subvención: alcohol, alcohol e outras adiccións sen substancia, ludopatía, dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista, trastornos da conduta alimentaria, parálise cerebral, linfedema e enfermidades neurodexenerativas.

Para estes efectos, considerarase enfermidade rara aquela que ten unha prevalencia menor de 5 casos por cada 10.000 habitantes na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Estar legalmente constituídas, polo menos con dous anos de anterioridade con respecto á data de publicación desta convocatoria, coa excepción das federacións recentemente constituídas que estean integradas maioritariamente por asociacións cunha antigüidade que sexa superior aos dous anos. Así mesmo, deberán estar inscritas no rexistro administrativo correspondente.

c) Dispoñer dunha sede central ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia, entendendo como tal a presenza física e o domicilio social nela, e comprometerse, así mesmo, a desenvolver as actividades subvencionadas dentro do seu territorio.



d) Ter un horario mínimo de atención ao público de 20 horas semanais, destinadas a dar información e prestar axuda dun xeito prioritario aos colectivos afectados.

e) Dispoñer de estrutura técnica e capacidade suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos no programa presentado, así como experiencia operativa na súa posta en funcionamento.

Segundo. *Obxecto*

Establecer as bases reguladoras e convocar subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de carácter sociosanitario ao longo do período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2019 e entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2020. Os devanditos programas están destinados á realización de actividades no proceso de atención e rehabilitación de persoas con especiais necesidades de atención sociosanitaria asociadas ao alcoholismo, alcoholismo e outras adiccións sen substancia, ludopatía, por dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista, trastornos da conduta alimentaria, parálise cerebral, linfedema e enfermidades neurodexenerativas.

A súa finalidade é aumentar a autonomía, paliar as posibles limitacións e favorecer a rehabilitación e integración das persoas que compoñen os ditos colectivos.

As actividades subvencionables desagreganse nas seguintes liñas de axuda:

Liña A: programas de carácter sociosanitario destinados á realización de actividades no proceso de atención e rehabilitación de persoas con especiais necesidades de atención sociosanitaria asociadas á ludopatía, ao alcoholismo e/ou ao alcoholismo e outras adiccións sen substancia:

a) Ludopatía: programas sociosanitarios de rehabilitación en persoas afectadas por ludopatía.

b) Alcoholismo e/ou alcoholismo e outras adiccións sen substancia:

1º. Programas sociosanitarios de apoio á abstinencia en persoas non sometidas a tratamento ambulatorio.

2º. Programas sociosanitarios de prevención de recaídas dirixidos a pacientes que se atopen en tratamento ambulatorio.



Liña B: programas de carácter sociosanitario destinados á realización de actividades no proceso de atención e rehabilitación de persoas afectadas por dano cerebral adquirido, enfermidades raras, trastorno do espectro autista, trastornos da conduta alimentaria, parálise cerebral, linfedema e enfermidades neurodexenerativas.

- a) Programas de rehabilitación fisioterapéutica.
- b) Programas de rehabilitación logopédica.
- c) Programas de rehabilitación cognitiva.
- d) Programas de terapia ocupacional.
- e) Programas de apoio psicolóxico.

Terceiro. *Bases reguladoras e convocatoria*

Orde do 12 de xuño de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás entidades privadas sen ánimo de lucro para a realización de programas de carácter sociosanitario (código de procedemento SA803A).

Cuarto. *Contía*

Para o financiamento destas axudas está previsto un crédito de catrocentos setenta e oito mil euros (478.000 €) que se distribuirán do seguinte xeito:

a) Para o ano 2019 asignarase un importe de dous centos trinta e nove mil euros (239.000 €) con cargo á aplicación 5001.413A.481.21 e ao código de proxecto 201400027 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019:

Liña A: 119.500 €.

Liña B: 119.500 €.

b) Para o ano 2020 asignarase un importe de dous centos trinta e nove mil euros (239.000 €) con cargo á aplicación 5001.413A.481.21 e ao código de proxecto 201400027 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020:

Liña A: 119.500 €.

Liña B: 119.500 €.



A efectividade da asignación aos proxectos seleccionados dos importes das subvencións para o ano 2020 queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para ese ano.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

Para poder ser beneficiaria das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que, a título exclusivamente informativo, figura como anexo da orde e que estará dispoñible tanto na guía de procedementos (<https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos>) como na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) co código SA803A.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2019

Jesús Vázquez Almuíña
Conselleiro de Sanidade

